




## Cruceiro de Santa María de Recemel



### Parroquia:

Recemel (Santa María)

### Lugar:

A Igrexa

### Posición:

43°30'06.5"N  
7°56'23.2"W



A súa situación nunha encrucillada de camiños fíxoo moi popular e visible, tanto máis pola súa posición elevada, a súa proximidade a unha importante sé parroquial, unha das dúas que compoñían antes de 1895 o concello das Somozas, neste caso incorporada ao mesmo en 1845, e a importancia que adquiriu a vía en cuxa beira permanece, a estrada comarcal que desde os altos das Pontes encamiñase ao mar polas terras de Cedeira. Presenta un aspecto monumental, especialmente na súa parte inferior aínda máis realizada de mirala desde un nivel máis baixo da estrada, pois se mostra con gran desenvolvemento vertical. Parte dunha base de cachotería que salva o desnivel do noiro. Sobre ela gradúase unha bancada de varios niveis cuxos bordos son bocelados. O pedestal de figura tronco-rectangular contén en dúas das súas caras inscricións e, unha delas, ademais, unha boeta para esmolos, aglutinando dous obxectivos ou funcións destes monumentos relixiosos, o oratorio e o esmoleiro. O peto ten debaixo un texto que leva ao culto do Sacro Corazón de Xesús, representando ben o propósito destas caixas que recadaban valores en metálico. A outra recolle a función impetratoria dalgúns cruceiros e di: "40 días de indulxencia rezando algunha oración diante desta imaxe". Subindo, obsérvase unha columna de extremos cadrados e parte central oitavada, coas habituais transicións de biseis en punta de frecha. O capitel superior é o tipo de interpretación galega do estilo xónico, con volutas nas esquinas superiores e anxos querubíns con cabezas aladas. A cruz, que é de paus cilíndricos e leve biselado,



presenta as dúas figuras típicas. Por unha banda, o Cristo áchase despegado da cruz, con barba, melena e coroa de espiñas, non presentando moi marcados os costelares e a osamenta das súas extremidades. A Virxe, que é a das Dores, móstrase na habitual postura orante, acaroadada á cruz e sobre unha peaña en forma de copa, con túnica plisada que lle esconde os pés e un manto a modo de tocado que tamén lle percorre todo o corpo.

